Federación de Mulleres Rurais	Gastos de funcionamento	20.000,00 €	43300/48099
Festival Ficar De Entrimo	Gastos de funcionamento	1.500,00 €	33420/48099
Feteagal - Federación Teatral Afeccionada De Galicia	Xornadas formativas do teatro Amador	3.000,00 €	33420/48099
Fetega - Festival De Teatro De Galicia - O Carballiño	Actividades culturais e recreativas	9.000,00 €	33420/48099
Fundación Araguaney - Puentes De Cultura	Festival Amal en ruta de Ourense	5.000,00 €	33420/48099
Fundación Asilo Nosa Sra Dos Anxos de Ribadavia	Gastos de funcionamento	80.000,00 €	23111/48099
Fundación Carlos Casares	Gastos de funcionamento	26.000,00 €	33420/48099
Fundación Carlos Velo	Gastos de funcionamento e actividades	20.000,00 €	33420/48099
Fundación Curros Enríquez	Gastos de funcionamento	26.000,00 €	33420/48099
Fundación de Discapacitados de Verín	Gastos de funcionamento	21.000,00 €	23111/48099
Fundación Discapacitados Psíquicos Terra De Celanova	Gastos de funcionamento	40.000,00 €	23111/48099
Fundación Florencio Delgado Gurriarán	Gastos de xestión e actividades. Proxecto básico e de execución, dirección de obra e coordinación de seguridade	40.000,00 €	33420/48099
Fundación Florencio Delgado Gurriarán	Gastos de funcionamento	30.000,00 €	33420/48099
Fundación Gavela	Gastos de funcionamento e protección xurídica	60.000,00 €	23111/48099
Fundación Monte Do Gozo	Proxecto Home Galicia	25.000,00 €	23111/48099
Fundación Otero Pedrayo	Gastos de funcionamento	35.000,00 €	33420/48099
Fundación Sotelo Blanco	Gastos de funcionamento e mantemento	25.000,00 €	33420/48099
Fundación Vicente Risco	Premio Vicente Risco de ciencias sociais	1.500,00 €	33420/48099
Fundación Vicente Risco	Premio Antón Risco de novela curta	2.500,00 €	33420/48099
Fundación Vicente Risco	Gastos de funcionamento	14.000,00 €	33420/48099
Gdr Limia-Arnoia	Proxecto mixturando	78.000,00 €	45012/48099
Ínsua dos Poetas	Gastos de organización da Festa da Palabra	18.000,00 €	33420/48099

Ixp Castaña de Galicia	Gastos de funcionamento	10.000,00 €	33420/48099
Liceo Ourense	Gastos de funcionamento	30.000,00 €	33420/48099
Museo do Pobo Galego	Gastos de funcionamento	18.000,00 €	33420/48099
Pen Club Galicia	Gastos de funcionamento	25.000,00 €	33420/48099
Real Academia das Belas Artes	Gastos de funcionamento	10.000,00 €	33420/48099
Real Academia Galega	Gastos de funcionamento	25.000,00 €	33420/48099
Ruta do Viño de Valdeorras	Convenio colaboración apoio a ruta das Covas	30.000,00 €	33420/48099
Sarabela Teatro SI	Miteu e Fito	39.000,00 €	33420/48099
Sociedad Artística La Troya	Gastos de funcionamento	6.000,00 €	33420/48099
Sociedad Filarmónica Solpor de Celanova	Programa de actividades	5.000,00 €	33420/48099
Special Olympics Galicia	Encontro anual	10.000,00 €	23111/48099
Special Olympics Galicia	Nacional de fútbol sala 2025	25.000,00 €	23111/48099
Universidade Santiago de Compostela	Proxecto estímulo talento matemático Estalmat	3.000,00 €	32611/48199
Universidade de Vigo	Convenio actividades de difusión cultural	220.000,00 €	32611/45199
Universidade de Vigo	Promoción da formación en turismo	80.000,00 €	32612/45199
Xuntanza de micólogos Os Cogordos de Ourense	Gastos de funcionamento	3.000,00 €	33420/48099

TOTAL 3.726.707,50 €

BENEFICIARIO	OBXECTO	IMPORTE	APL. ORZAM
Consortio Local Os Peares	Aportación anual	30.000,00 €	94311/46700
Fundación Eduardo Blanco Amor	Gastos de funcionamento e actividades	12.000,00 €	33420/48905
	TOTAL	42.000,00 €	

TOTAL, Créditos extraordinarios. Entidades, transferencias correntes.

3.768.707,50 €

- Mancomunidades, capítulo IV de gastos “transferencias correntes”**

BENEFICIARIO	OBXECTO	IMPORTE	APL. ORZ.
Mancomunidad Intermunicipal V Conso Frieiras	Gastos de funcionamento	50.000,00 €	45012/46399
Mancomunidad Intermunicipal Iv Concellos De O Ribeiro	Gastos de funcionamento	50.000,00 €	45012/46399

Mancomunidade Voluntaria de Municipios da comarca de Ourense	Gastos de funcionamento	50.000,00 €	45012/46399
Mancomunidade Voluntaria de Municipios da comarca de Ourense	Traballos medioambientais	10.000,00 €	45012/46399
Mancomunidade de concellos comarca de Celanova	Gastos de funcionamento	50.000,00 €	45012/46399
Mancomunidade de concellos comarca de Celanova	Gastos funcionamento GES	40.000,00 €	45012/46399
Mancomunidade de concellos comarca de Verín	Gastos de funcionamento	50.000,00 €	45012/46399
Mancomunidade Municipios da Comarca De Verín	Proxecto territorio escena	120.000,00 €	45012/46399
Mancomunidade De Concellos De Santa Águeda	Gastos de funcionamento	50.000,00 €	45012/46399
Mancomunidade de concellos de O Carballiño	Gastos de funcionamento	50.000,00 €	45012/46399
Mancomunidade de concellos de O Carballiño	Cofinanciamento do SAF	50.000,00 €	45012/46399
Mancomunidade Turística concellos Carballiño-Ribadavia-Boborás e Leiro	Gastos de funcionamento	20.000,00 €	45012/46399
TOTAL, Créditos extraordinarios. Mancomunidades, transferencias correntes		590.000,00 €	

• **Entidades, capítulo VII de gastos “transferencias de capital”**

BENEFICIARIO	OBXECTO	IMPORTE	APL. ORZAM
Aavv As Laxas	Gastos de funcionamento e mantemento local social	20.000,00 €	92412/78099
Academia de Ciencias Veterinarias De Galicia	Adquisición de mobiliario e equipo de videoconferencias	10.000,00 €	43000/78099
Afaor	Ampliación instalacións actuais	40.000,00 €	23111/78099
Asociación Down Ourense	Rehabilitación edificio	50.000,00 €	23111/78099
Asociación Empresarios Polígono San Cibrao Das Viñas	Reforma local - obra bombeiros	75.000,00 €	43300/78099
Asociación Grupo Folclórico Lembranza Solpor	Compra de instrumentos	5.000,00 €	33420/78099
Asociación de Pais e Nais en favor das persoas con discapacidade intelectual - ASPANAS	Reformas dos centros da asociación	60.000,00 €	23111/78099
Asociación veciñal de Bentraces	Adquisicións de propiedades - Local social	22.000,00 €	33420/78099
Colegio Oficial De Ingenieros Técnicos Agrícolas De Ourense	Equipamento para sede	20.000,00 €	43300/78099
Comunidade Regantes Nova Limía	Modernización instalacións regadío	500.000,00 €	16115/78099

Consello Regulador Da Ribeira Sacra	Adquisición de equipos informáticos e de oficina	15.000,00 €	43141/78099
Consello Regulador De Valdeorras	Melloras das instalacións do consello	100.000,00 €	43141/78099
Cruz Vermella	Adquisición de ambulancias	75.000,00 €	23111/78099
Diocese Astorga	Melloras no Santuario das Ermidas	50.000,00 €	45012/78099
Federación Galega De Loita	Adquisición tapiz para club Atila Ourense	6.000,00 €	34111/78099
Fundación Aquis Querquennis	Escavacións	20.000,00 €	33420/78099
Fundación Ramón Gonzalez Ferreiro	Rehabilitación granxa de Valverde	50.000,00 €	33420/78099
Liceo Ourense	Obras e mantemento	100.000,00 €	33420/78099
Sociedade Recreativa Cultural E Artística De Ribadavia	Melloras na sede	30.000,00 €	33420/78099

TOTAL, Créditos extraordinarios. Entidades, transferencias de capital	1.248.000,00 €
--	-----------------------

• **Mancomunidades, capítulo VII de gastos “transferencias de capital”**

BENEFICIARIO	OBXECTO	IMPORTE	Columna1
Mancomunidad Intermunicipal V Conso Frieiras	Cofinanciamento adquisición retroexcavadora mixta	8.000,00 €	45012/76399
Mancomunidad Intermunicipal Iv Concellos De O Ribeiro	Adquisición de camión do lixo	80.000,00 €	45012/76399
Mancomunidad Voluntaria De Municipios Da Comarca De Ourense	Construción aseos subministro eléctrico e arranxo de carpintería na nave de Cantoña	45.000,00 €	45012/76399
Mancomunidad De Concellos Comarca De Celanova	Adquisición vehículo escaleira de bombeiros	150.000,00 €	45012/76399

TOTAL, Créditos extraordinarios. Mancomunidades, transferencias de capital	283.000,00 €
---	---------------------

2º.- De acordo co artigo 169 da Lei reguladora das facendas locais, por remisión do artigo 177.2 do mesmo texto legal, o expediente será exposto ao público, tras o anuncio no Boletín Oficial da Provincia, por 15 días, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno.

O expediente considerárase definitivamente aprobado se durante o citado prazo non se presentasen reclamacións.

7º.- APROBACIÓN DO EXPEDIENTE NÚMERO 4/2025 DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS ORZAMENTARIOS CONSISTENTE NA CONCESIÓN DE CRÉDITOS EXTRAORDINARIOS E DA MODIFICACIÓN DO ANEXO IV DAS BASES DE EXECUCIÓN DO ORZAMENTO VIXENTE DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE, FINANCIADOS CON CARGO AO REMANENTE LÍQUIDO DE TESOURERÍA PARA GASTOS XERAIS QUE SE DESPRENDE DA LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO DO EXERCICIO 2024.

A este expediente presentouse unha emenda por parte da Presidencia.

D.^a Marta Nóvoa Iglesias, do Grupo Popular, expón o contido do ditame favorable da Comisión Informativa Especial de Contas, Facenda e Recursos Humanos.

O debate deste asunto tivo lugar conxuntamente co punto 5º da orde do día que está recollido no punto 5º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 5](#)

Non se producen máis intervencións someténdose a votación, primeiramente, a emenda presentada que é aprobada por unanimidade.

A continuación sométese a votación o expediente coa incorporación da emenda aprobada, e co voto favorable do Grupo Popular (12) e a abstención do Grupo Socialista (7), do BNG (3) e de DO (2), o Pleno adopta o seguinte acordo:

1º.- Aprobar inicialmente expediente número 4/2025 de modificación de créditos orzamentarios consistente na concesión de créditos extraordinarios e da modificación do Anexo IV das Bases de execución do Orzamento vixente da Deputación Provincial de Ourense, financiados con cargo ao remanente líquido de tesourería para gastos xerais que se desprende da liquidación do orzamento do exercicio 2024.

O detalle da modificación orzamentaria cuantitativa é a seguinte:

Créditos extraordinarios:

CAPÍTULO IV

Aplicación orzamentaria 45012/46299 “ Cooperación provincial. Subv. Nominativas a Concellos”

BENEFICIARIO	OBXECTO	IMPORTE
Allariz	Festival de xardíns	30.000,00 €
Avión	Gastos de funcionamento GES	40.000,00 €
Bande	Xurés experience ano 2025	27.000,00 €
Bande	Programa conmemorativo 50 aniversario Aquis Querquernis	20.000,00 €
Bande	Mantemento campo de fútbol	4.000,00 €
Barco De Valdeorras ,O	Gastos de funcionamento GES	40.000,00 €

Barco De Valdeorras ,O	Gastos de funcionamento conservatorios	50.000,00 €
Blancos, Os	Amortización débeda	50.000,00 €
Boborás	Redacción axenda urbana concello de Boborás	9.680,00 €
Boborás	Obradoiro dual de emprego Carbomas	17.000,00 €
Boborás	Festa recreación histórica 1809 A Batalla – Boborás	20.000,00 €
Carballeda De Avia	Gastos de funcionamento casa comunitaria	45.000,00 €
Carballiño, O	Redacción axenda urbana concello de Carballiño	12.100,00 €
Carballiño, O	Festa do polvo de O Carballiño	20.000,00 €
Carballiño, O	Premio Ántón Losada Dieguez - XL Edición	6.000,00 €
Carballiño, O	Gastos de funcionamento conservatorios	50.000,00 €
Castrelo De Miño	Gastos de funcionamento casa comunitaria	45.000,00 €
Castrelo De Miño	Adquisición de gaitas para escola de gaitas de Castrelo de Miño	12.400,00 €
Castro Caldelas	Gastos de funcionamento GES	40.000,00 €
Entrimo	Xurés experience ano 2025	27.000,00 €
Gudiña, A	Gastos de funcionamento GES	40.000,00 €
Laza	Gastos de funcionamento GES	40.000,00 €
Lobeira	Xurés experience ano 2025	27.000,00 €
Lobios	Xurés experience ano 2025	27.000,00 €
Lobios	Gastos de funcionamento GES	40.000,00 €
Maceda	Gastos de funcionamento GES	40.000,00 €
Manzaneda	Actividades 50 aniversario CEIP Manzaneda	2.425,00 €
Manzaneda	Cofinanciamento gasto persoal formación profesional dual ciclo acondicionamento físico e animación sociodeportiva	3.500,00 €
Maside	Redacción da axenda urbana concello Maside	9.680,00 €
Monterrei	Analíticas do Balneario de Requeixo 2024 e 2025	8.712,00 €
Monterrei	Convenio mantemento do Castelo	50.000,00 €
Monterrei	Festa da vendima IV edición	15.000,00 €
Monterrei	Festa do maior XIII edición	15.000,00 €
Muiños	Xurés experience ano 2025	27.000,00 €
Muiños	Gastos funcionamento GES	40.000,00 €
Muiños	Mantemento campo de fútbol	6.000,00 €
Muiños	Trail e Gladiator Race	26.000,00 €
Parada Do Sil	Plan de sostibilidade turística	30.000,00 €
Parada Do Sil	Gastos de persoal e mantemento da colección museográfica casa do chocolate de Teimende	20.000,00 €
Pereiro De Aguiar	Gastos de funcionamento GES	40.000,00 €
Pereiro De Aguiar	Mantemento campo de fútbol	6.000,00 €
Porqueira	Cofinanciamento servizo axuda no fogar	75.000,00 €
Piñor	Redacción axenda urbana concello Piñor	9.680,00 €
Quintela De Leirado	Gastos de funcionamento casa comunitaria	45.000,00 €

Rairiz De Veiga	Romaría da Sainza	20.000,00 €
Ribadavia	Gastos de funcionamento GES	40.000,00 €
Ribadavia	Gastos de funcionamento conservatorios	50.000,00 €
Ribadavia	Mostra internacional de teatro de Ribadavia	30.000,00 €
Ribadavia	Mantemento campo de fútbol	4.000,00 €
Rios	Subministro enerxético correspondente ao ano 2023	80.000,00 €
San Cibrao Das Viñas	Gastos culturais	40.000,00 €
San Cristovo De Cea	redacción axenda urbana concello San Cristovo de Cea	9.680,00 €
San Cristovo De Cea	Mantemento campo de fútbol	5.500,00 €
San Cristovo De Cea	Gastos de funcionamento museo Olimpio Liste	25.000,00 €
Sandiás	Gastos de persoal e mantemento punto de atención infantil de Sandiás	40.000,00 €
Veiga, A	Gastos funcionamento GES	40.000,00 €
Verín	Gastos funcionamento conservatorios	50.000,00 €
Vilar De Santos	Gastos de funcionamento museo da Limia	12.000,00 €
Xinzo De Limia	Gastos de funcionamento conservatorio	50.000,00 €
Xinzo De Limia	Festa do esquecemento	13.000,00 €
Xinzo De Limia	Mantemento campo de fútbol	6.000,00 €
Xunqueira De Espadanedo	Gastos de mantemento e dinamización museo taller Niñodagua	27.100,00 €
TOTAL		1.750.457,00 €

CAPÍTULO VII

Aplicación orzamentaria 45012/76299 “ Cooperación provincial. Subv. Nominativas de capital a concellos”

BENEFICIARIO	OBXECTO	IMPORTE
Allariz	Compra de finca e acondicionamento de accesos	100.000,00 €
Amoeiro	Humanización praza da concordia	50.000,00 €
Arnoia, A	Cofinanciamento de planta de xeración fotovoltaica no bombeo de Sendín	7.618,17 €
Arnoia, A	Mellora de accesibilidade as instalacións do campo de fútbol da Queixeira	9.679,82 €
Arnoia, A	Mellora nos servizos de electrificación e abastecemento na carballeira da Festa do pemento e no colexio publico de Arnoia	32.702,01 €
Avión	Arranxo sistema de cámaras de vixilancia alvetus	35.000,00 €
Avión	Pistas de pádel	100.000,00 €
Baltar	Construción residencia	250.000,00 €
Bande	Mellora do camiño no núcleo rural de Corvelle e honorarios técnicos	9.718,12 €

Bande	Alumeado publico destinado a impulsar o aforro e eficiencia enerxética na estrada principal de Bande	7.647,60 €
Bande	Acondicionamento exterior de fachadas do pavillón polideportivo municipal e honorarios técnicos	5.384,19 €
Bande	Mellora do salón de actos da casa do concello	15.500,09 €
Bande	Organización de fondos documentais do arquivo de Bande	1.750,00 €
Bande	Honorarios de redacción do proxecto camiño rural 2025-2026	2.630,07 €
Bande	Honorarios de dirección e coordinación de seguridade e saúde plan de camiños 2024-2025	2.755,91 €
Bande	Redacción proxecto Hurbe- acceso mercado do xures	4.614,02 €
Bande	Cofinanciamento cubrición pista deportiva de pádel	12.158,31 €
Bande	Beirarrúa en Bande	16.868,73 €
Baños De Molgas	Acondicionamento rúa Baños de Molgas - Piúca	60.000,00 €
Barbadas	Melloras do museo da gaita de Fole	30.000,00 €
Barbadas	Melloras polideportivo	200.000,00 €
Barbadas	Melloras no centro social de Sobrado	30.000,00 €
Barco De Valdeorras ,O	Pavimentación e renovación de infraestruturas na rúa Elena Quiroga	100.000,00 €
Barco De Valdeorras ,O	Dixitalización centro de exames de O Barco de Valdeorras	38.000,00 €
Beade	Camiños municipais	22.000,00 €
Beade	Mellora do saneamento	30.000,00 €
Beade	Praza en As Regadas	10.000,00 €
Beade	Aportación local mellora enerxética alumeado de As Regadas	18.000,00 €
Beariz	Construción velorio municipal	250.000,00 €
Boborás	Cofinanciamento obras de eficiencia enerxética en edificios e infraestruturas - proxecto eficiencia enerxética pavillón	30.000,00 €
Boborás	Cofinanciamento axudas para corrección de impactos paisaxísticos - reforma e lavadoiro de Laxas	5.900,00 €
Boborás	Plan camiña- mellora de aceso a parcelas agrícolas en Cardelle	12.000,00 €
Boborás	Renovación de equipo informáticos municipais	4.100,00 €
Boborás	Pavimentación de viais públicas	48.000,00 €
Bola,A	Cofinanciación para humanización entorno de Santabaia de Berredo	60.000,00 €
Bolo, O	Arranxo de camiños en Chaodocastro e outros	30.000,00 €
Calvos De Randin	Beirarrúa en Calvos de Randin pobo	40.000,00 €
Carballeda De Valdeorras	Proxecto técnico para recuperación de tramo de vial e espazo público no núcleo tradicional de Sobradelo	70.000,00 €
Carballiño, O	Mellora de acceso parque etnográfico do Carballiño	100.000,00 €
Cartelle	Reparación de camiños municipais	48.000,00 €
Cartelle	Construción de beirarrúa perimetral campo de fútbol de Cartelle	48.381,15 €
Castrelo De Miño	Proxecto saneamento abastecemento e reconstrución de muro de acceso en Astariz	48.000,00 €

Castrelo De Miño	Proxecto de mantemento de camiños en Paradela ao Foxo e traveso	48.000,00 €
Castrelo Do Val	Pavimentación en rúas de Veiga nostre	29.500,00 €
Castrelo Do Val	Pavimentación de rúas en Nocelo do Val e Gondulfes	22.000,00 €
Castro Caldelas	Arranxo pavimentación en núcleos rurais	40.000,00 €
Celanova	Eficiencia enerxética auditorio municipal Ilduara de Celanova	100.000,00 €
Cenlle	Proxecto campo de fútbol Cenlle	14.850,00 €
Cenlle	Cofinanciamento de obras de renovación de infraestruturas en Laías	50.000,00 €
Cenlle	Pavimentación camiños nos núcleos de Pazos ermos e As Chabolas	48.000,00 €
Cenlle	Campo de fútbol	150.000,00 €
Chandrexa De Queixa	Melloras na capela de Chao	48.000,00 €
Chandrexa De Queixa	Depósito de auga potable	30.000,00 €
Coles	Mellora do núcleo de Casanova	60.000,00 €
Cortegada	Proxecto de obras no balneario e reforma de viais municipais	90.000,00 €
Cualedro	Remate do punto limpo de Cualedro, Monterrei e Trasmiras	63.000,00 €
Cualedro	Renovación das redes de saneamento e abastecemento en rua San Millao da Xironda	48.000,00 €
Entrimo	Renovación do pavimento na parroquia de San Lourenzo	50.000,00 €
Esgos	Renovación alumeadado público en Melón de Abaixo, Melón de Arriba e Quinta do monte	48.000,00 €
Esgos	Mellora do vial de acceso a Lobaces	23.000,00 €
Esgos	Compra de solar na praza maior	25.000,00 €
Gomesende	Melloras de vías municipais e cambios de luminarias	60.000,00 €
Gudiña, A	Reforma e acondicionamento da piscina municipal	30.000,00 €
Irixo, O	Construción nave municipal	70.000,00 €
Larouco	Mellora de instalacións e vial en Larouco	105.000,00 €
Laza	Abastecemento saneamento e arranxo de rúas en Cimadevila	48.000,00 €
Laza	Reparación de fochancas en varias vías municipais	12.000,00 €
Leiro	Camiño en Orega	8.000,00 €
Leiro	Mellora ambiental en infraestruturas de Leiro	12.000,00 €
Leiro	Recuperación de canastros e muiños na área etnográfica do Foxón	40.000,00 €
Lobeira	Cambio de calefacción no centro de saúde	5.000,00 €
Lobeira	Substitución alumeadado en a Canle,Baldemir, mellora alumeadado en O Viso	62.745,63 €
Lobios	Melloras no balneario de Lobios	150.000,00 €
Maceda	Mellora de camiño no núcleo de Santirso	48.000,00 €
Manzaneda	Cofinanciamento plan Hurbe: mellora da senda peonil a San Martiño e integración ambiental de espazos de lecer	47.303,93 €

Manzaneda	Redacción do proxecto de mellora de senda peonil a San Martiño	9.196,07 €
Maside	Campo de fútbol	100.000,00 €
Melón	Praza da igrexa de Covelo	40.000,00 €
Merca, A	Mellora de vías municipais	60.000,00 €
Mezquita, A	Melloras de eficiencia hidráulica nos depósitos de A Mezquita	45.000,00 €
Montederramo	Actuacións de mellora na residencia de Maiores	60.000,00 €
Monterrei	Redacción de proxectos do Balneario de Requeixo	6.000,00 €
Monterrei	Acondicionamento do entorno do muiño no Balneario de Requeixo	33.288,00 €
Monterrei	Cofinanciamento reforma local social A Madalena	9.673,28 €
Monterrei	Cofinanciamento para dotación fotovoltaica centro social de Flariz	27.252,65 €
Monterrei	Cofinanciamento dotación arquivo municipal	3.074,07 €
Muiños	Cofinanciamento Hurbe	189.833,09 €
Nogueira De Ramuin	Ampliación residencia de maiores	100.000,00 €
Oimbra	Cofinanciamento de urbanización de vivendas públicas	97.683,00 €
Paderne De Allariz	Acondicionamento de instalacións municipais	15.000,00 €
Paderne De Allariz	Reforma e ampliación da iluminación pública en varios núcleos	33.000,00 €
Paderne De Allariz	Substitución da bomba no depósito de abastecemento de A Torre	12.000,00 €
Padrenda	Renovación de alumado público en Lavandeira	25.000,00 €
Padrenda	Mellora de bacheo a Morgade, Portela e Os Leiros	35.000,00 €
Pereiro De Aguiar	Mellora de viais municipais	90.000,00 €
Pereiro De Aguiar	Melloras campo de fútbol e pistas polideportivas	60.000,00 €
Peroxa, A	Aforro enerxético en A Peroxa	42.350,00 €
Peroxa, A	Reparacións campo fútbol O Marco	48.400,00 €
Peroxa, A	Reparacións estrada armental	29.250,00 €
Petín	Acondicionamento rúa o porto en Mones	48.000,00 €
Piñor	Construción de edificio municipal para cafetería en zona de equipamentos	120.000,00 €
Pobra De Trives	Mellora de infraestruturas viarias	50.000,00 €
Pontedeva	Cofinanciamento plan Hurbe	70.000,00 €
Punxín	Construción centro social en Vilela	60.000,00 €
Quintela De Leirado	Mellora do firme da calzada rúa Leirado	50.000,00 €
Rairiz De Veiga	Local social	48.000,00 €
Ramirás	Arranxo da pista do pobo de A Veiga	40.000,00 €
Ribadavia	Reforma polideportivo	200.000,00 €

Riós	Cofinanciamento plan marco 2024-2025 mellora da pista de Cortegada a tras-estrada, mellora do camiño da castiñeira e do regengo en Marcelin estudio integral da rede viaria	7.439,08 €
Riós	Mellora da pista de Progo a San Pedro de Pousada anualidade 2025	12.646,20 €
Riós	Corrección de impactos paisaxísticos en dúas fontes en Florderrei e Riós e das fachadas do centro cultural e social de San Pedro de Pousada	9.356,39 €
Riós	Parque infantil e acceso a rampa edificio concello de Riós	10.000,00 €
Riós	Proxecto de humanización rúa campo da feira no concello de Riós	15.011,10 €
Riós	Rego e parcheado en varios puntos do concello de Riós	5.547,23 €
Rúa, A	Renovación e melloras de seguridade no parque da Praza de Galicia	48.000,00 €
Rubiá	Pavimentación en A Veiga de Cascallá	48.000,00 €
Rubiá	Pavimentación en Castelo	12.000,00 €
San Amaro	Reforma de alumeadado publico exterior na parroquia de San Fiz	48.000,00 €
San Amaro	Reconstrución de muros de contención en vías municipais	12.000,00 €
San Cibrao Das Viñas	Ampliación camiño Laxedo acceso ao concello	99.500,00 €
San Cristovo De Cea	Plan director implementación e posta en funcionamento sistema de augas pluviais e limpas colector xeral, colectores de conexión e zona de policía regato do toxo	64.114,14 €
San Cristovo De Cea	Humanización da rúa España	86.000,00 €
San Xoán De Río	Reforma das dependencias municipais	50.000,00 €
Sandiás	Cofinanciamento convenio de humanización núcleo de Santa Ana	70.000,00 €
Sarreaus	Reparación e conservación da rede viaria do concello	30.000,00 €
Sarreaus	Obras de adaptación á normativa dos parques infantís de Lodoselo e Freixo	40.000,00 €
Taboadela	Urbanización espazo recreativo	60.000,00 €
Teixeira, A	Humanización en Sistín, muro en Abeleda e adecentamento do camiño da Cristina	30.000,00 €
Toén	Mellora do pavimento no barrio de Ribadela	70.000,00 €
Trasmiras	Cofinanciamento novo cemiterio municipal 1ª fase	50.000,00 €
Trasmiras	Cofinanciamento depósito abastecemento de Trasmiras	40.000,00 €
Veiga, A	Cofinanciamento centro cultural	125.000,00 €
Verea	Obras de urbanización do fogar residencial de Verea	58.562,16 €
Verín	Ampliación de beirarrúas n-525 en Verín	50.000,00 €
Viana Do Bolo	Campo de fútbol	150.000,00 €
Viana Do Bolo	Mellora e acondicionamento das rúas en Vilardemilo	50.000,00 €
Vilamarín	Construción polideportivo	200.000,00 €
Vilamarín	Aportación idae	100.000,00 €
Vilamarín	Melloras en seguridade e limpeza no parque empresarial	30.000,00 €

Vilamartin De Valdeorras	2ª fase humanización San Miguel	60.000,00 €
Vilar De Barrio	Mellora eficiencia enerxética casa consistorial	27.448,12 €
Vilar De Barrio	Convenio coa CHMS para saneamento e depuración en Arnuiide	22.551,88 €
Vilar De Santos	1ª fase de ampliación do museo	40.000,00 €
Vilardevós	Humanización núcleo de Vilardevós	50.000,00 €
Vilariño De Conso	Comunidade enerxética	48.000,00 €
Vilariño De Conso	Pavimentación de rúas municipais	12.000,00 €
Xinzo De Limia	Cofinanciamento remodelación praza de abastos	100.000,00 €
Xunqueira De Ambia	Construción residencia de maiores	200.000,00 €
Xunqueira De Ambia	Melloras das vías de concentración parcelaria	40.000,00 €
Xunqueira De Espadañedo	Compra local para equipamento cultural	90.000,00 €
TOTAL		7.909.984,21 €

Resumo do expediente de modificación de créditos número 4/2025

<i>Aplicación orxamentaria</i>	<i>Descrición</i>	<i>IMPORTE</i>
45012/46299	Cooperación Provincial. Subv. Nominativas a concellos	1.750.457,00 €
45012/76299	Corporación Provincial. Subv. Nominativas de capital a concellos	7.909.984,21 €
TOTAL MC 4/2025		9.660.441,21 €

2º.- De acordo co artigo 169 da Lei reguladora das facendas locais, por remisión do artigo 177.2 do mesmo texto legal, o expediente será exposto ao público, tras o anuncio no Boletín Oficial da Provincia, por 15 días, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno.

O expediente considerarase definitivamente aprobado se durante o citado prazo non se presentasen reclamacións.

8º.- APROBACIÓN DO PLAN ECONÓMICO-FINANCIERO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE PARA O CUMPRIMENTO DA REGRA DE GASTO CON MOTIVO DA LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO CONSOLIDADO DO EXERCICIO 2024.

O **Sr. presidente** cédelle a palabra a **Sra. interventora** para que expoña o contido do ditame favorable da Comisión Informativa Especial de Contas, Facenda e Recursos Humanos.

A continuación prodúcese as intervencións que se recollen no punto 8º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 8](#)

Non se producen máis intervencións e, por maioría de todos os presentes, o Pleno adopta o seguinte acordo:

1º) Aprobar inicialmente o Plan Económico Financeiro da Excma. Deputación Provincial de Ourense para o período 2025-2026 nos termos que constan no documento con CSV: 15704506705263337267, incorporado ao expediente administrativo electrónico núm. 2025/13098F, e que se considera parte integrante do presente acordo.

2º) Remitir o Plan Económico Financeiro da Excma. Deputación Provincial de Ourense para o período 2025-2026, xunto coa certificación do presente acordo, á Subdirección Xeral de entidades financeiras e corporacións locais da Consellería de Facenda e Administración Pública da Xunta de Galicia, para os efectos da súa aprobación definitiva e seguimento, de conformidade co establecido no artigo 23.4 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, ao ter atribuída a competencia de tutela financeira respecto das entidades locais de Galicia, consonte co disposto no artigo 49 do Estatuto de autonomía de Galicia (aprobado pola Lei orgánica 1/1981, de 6 de abril).

3º) Publicar o Plan Económico Financeiro da Excma. Deputación Provincial de Ourense para o período 2025-2026 na sede Electrónica provincial, a efectos exclusivamente informativos, e a súa aprobación no Boletín Oficial da Provincia.

9º.- RATIFICACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A XUNTA DE GALICIA, A FEDERACIÓN GALEGA DE MUNICIPIOS E PROVINCIAS E AS DEPUTACIÓNS PROVINCIAIS DA CORUÑA, LUGO, OURENSE E PONTEVEDRA EN MATERIA DE EMERXENCIAS E PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA INCENDIOS FORESTAIS, PARA O DESENVOLVEMENTO DOS GRUPOS DE EMERXENCIA SUPRAMUNICIPAIS (GES) PARA O PERÍODO 2025-2027.

D. Plácido Álvarez Dobaño, do Grupo Popular, expón o contido do ditame favorable da Comisión Informativa de Cooperación, Infraestruturas e Medio Rural.

A continuación prodúcese as intervencións que se recollen no punto 9º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 9](#)

Non se producen máis intervencións e, por maioría de todos os presentes, o Pleno adopta o seguinte acordo:

1º.- Ratificar a subscrición do convenio de colaboración asinado entre a Xunta de Galicia, a Federación Galega de Municipios e Provincias e as deputacións provinciais da Coruña, Lugo, Ourense e Pontevedra en materia de emerxencias e prevención e defensa contra incendios forestais, para o desenvolvemento dos Grupos de Emerxencia Supramunicipais (GES) para o período 2025-2027.

2º.- Autorizar expresamente a distribución das anualidades de gasto para os exercicios 2025, 2026 e 2027, correspondentes á Deputación Provincial conforme co establecido no dito convenio.

3º.- Establecer que o libramento dos fondos se realice a favor dos concellos que sexan sede ou subsede dos grupos de emerxencia supramunicipais ou aos servizos municipais, conforme co establecido no dito convenio. A xustificación dos fondos levarase a cabo conforme coas previsións establecidas no dito convenio.

4º.- Designar como representante desta Deputación na comisión mixta de seguimento do convenio ao presidente da Deputación, don Luis Menor Pérez, como titular; ao vicepresidente 3ª e deputado delegado da Área de Administración Provincial, Transparencia, Emerxencias e Cooperación Transfronteiriza, don Plácido Álvarez Dobaño, como primeiro suplente; e ao deputado delegado da Área de Medio Ambiente e Enerxía, don José María Lago Cabo, como segundo suplente.

10.- MOCIÓN DE DEMOCRACIA OURENSANA PARA RECLAMAR UNHA DEFINICIÓN CLARA DAS COMPETENCIAS DOS CONCELLOS E UN FINANCIAMENTO XUSTO, ESPECIALMENTE NO MEDIO RURAL E NOS SERVIZOS SOCIAIS.-

D. Rafael Martínez Cachafeiro, de Democracia Ourensana, expón o contido da seguinte moción:

A provincia de Ourense, cunha marcada estrutura rural e unha poboación envellecida e dispersa, depende de forma especialmente intensa do bo funcionamento dos servizos públicos de proximidade, que son de competencia delegada na súa maioría, dos concellos. Estas entidades locais, moitas veces de pequeno tamaño e con recursos limitados, vense obrigadas a asumir responsabilidades que exceden as súas competencias legais para poder atender as necesidades básicas da súa veciñanza, especialmente en ámbitos como os servizos sociais, a atención domiciliaria, a axuda á dependencia, o transporte adaptado ou o acceso a servizos básicos.

Os concellos son a administración máis próxima á cidadanía. Son os primeiros en recibir as demandas da poboación e, en moitos casos, os únicos que dan unha resposta efectiva e áxil ás súas necesidades. Ao longo dos anos, foron asumindo de facto competencias que, en moitos casos, non lles corresponden formalmente ou non veñen acompañadas do financiamento necesario.

A falta dunha delimitación clara entre as competencias propias, delegadas e impropias, xunto cun financiamento insuficiente, e en ocasións, inestable, xera unha situación insostible que pon en risco a calidade dos servizos e a viabilidade dos propios concellos, comprometendo a súa autonomía e a súa capacidade de resposta. Esta situación agrávase no rural, onde os custos de prestación dos servizos son maiores por razóns xeográficas e demográficas.

O actual modelo de financiamento local non responde nin á realidade dos concellos rurais nin ao principio de suficiencia financeira recoñecido na Constitución Española e na Carta Europea de Autonomía Local. Non é xusto que os concellos asuman competencias impropias por responsabilidade social, sen que iso vaia acompañado dos recursos necesarios por parte das administracións que delegan ou descargan estas funcións.

Por todo o exposto, solicitamos:

- 1. Esixir á Xunta de Galicia e ao Gobierno Central que garanta o financiamento suficiente, estable e finalista para todas as competencias delegadas nos Concellos, especialmente en materia de servizos sociais, e que establezan mecanismos áxiles e transparentes para a súa xestión.*
- 2. Crear unha mesa de diálogo no seo da Deputación de Ourense, con participación de representantes dos Concellos da provincia, para identificar competencias asumidas sen financiamento suficiente, avaliar o seu impacto no rural e elaborar un documento de propostas para trasladar ás administracións competentes.*
- 3. Dar traslado deste acordo ao Gobierno do Estado, á Xunta de Galicia, á FEMP, á FEGAMP, e aos grupos parlamentarios do Congreso, do Parlamento de Galicia e desta Deputación.*

A continuación prodúcese as intervencións que se recollen no punto 10º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 10](#)

Non se producen máis intervencións someténdose a votación a moción coa retirada do punto 2º e, por maioría de todos os presentes, o Pleno adopta o seguinte acordo:

- 1. Esixir á Xunta de Galicia e ao Gobierno Central que garanta o financiamento suficiente, estable e finalista para todas as competencias delegadas nos Concellos, especialmente en*

materia de servizos sociais, e que establezan mecanismos áxiles e transparentes para a súa xestión.

2. Dar traslado deste acordo ao Goberno do Estado, á Xunta de Galicia, á FEMP, á FEGAMP, e aos grupos parlamentarios do Congreso, do Parlamento de Galicia e desta Deputación.

11.- MOCIÓN DO GRUPO SOCIALISTA PARA A ADOPCIÓN DUN PLAN DE PREVENCIÓN E CONTROL DA LEXIONELA EN COLABORACIÓN COS CONCELLOS DA PROVINCIA.-

D. Diego Fernández Nogueira, do Grupo Socialista, expón o contido da seguinte moción:

Coñecida polo seu patrimonio natural e riqueza termal, a provincia de Ourense está a afrontar un reto significativo no que atinxe á lexionela. Un problema maior de saúde pública provocado por unha bacteria na orixe de enfermidades graves como a denominada “febre dos lexionarios”, conformándose nunha crecente preocupación pola súa presenza en instalacións hídricas. Esta situación non só afecta á integridade física das persoas, senón tamén ás economías locais, ao turismo e mesmo á imaxe que proxecta a provincia. Asegurar unha correcta xestión e prevención da lexionela entóxase unha responsabilidade compartida entre administracións e gobernos, empresas e cidadáns, pero que require dun liderado claro e coordinado de parte das institucións públicas. Neste senso, a Deputación de Ourense ten un papel fundamental para abordar esta problemática a través da promoción de medidas preventivas, fomentando a concienciación e garantindo a coordinación entre actores implicados.

Mantendo unha tendencia preocupante, nos últimos anos rexistráronse varios brotes de lexionela na provincia, en ocasións asociados a instalacións termoilladas ou sistemas de auga mal mantidos. No 2019 rexistráronse 25 casos, dos cales catro foron graves; 28 casos no 2020, con cinco graves; 31 casos no 2021, incluíndo un brote asociado a unha instalación termal que afectou a sete persoas; 33 casos no 2022, sendo o dato máis alto da pasada década; e 18 casos durante o primeiro semestre de 2023. A media estatal sitúase nos 1,5 casos/100.000 habitantes, sendo Ourense a provincia galega cun meirande número de casos de lexionela con 2,8 casos/100.000 habitantes en 2022, seguida de Pontevedra con 2,1 casos/100.000 habitantes, presentando A Coruña e Lugo cifras moi inferiores. A febre dos lexionarios pode ter consecuencias graves, oscilando a taxa de mortalidade asociada entre o 6-8%, especialmente entre persoas maiores de 65 anos ou con patoloxías previas e inmunodeficiencias.

A presenza de instalacións obsoletas, mal mantidas e sen adecuada revisión incrementa o risco de proliferación da bacteria. Os edificios de titularidade municipal que poden verse afectados pola proliferación da lexionela figuran aqueles que teñen sistemas de auga quente sanitaria, torres de refrixeración ou instalacións obsoletas. Entre estes, cabe subliñar pavillóns con vestiarios e duchas comúns, centros socio-comunitarios e residencias, sendo aquí unha agravante a idade avanzada e vulnerabilidade do groso dos seus usuarios; edificios administrativos e escolares con sistemas de climatización centralizada e auga quente; así como instalacións termoilladas e fontes públicas, que poden acumular biofilme e favorecer a proliferación da bacteria. As circunstancias particulares da nosa provincia e a asunción de cada vez máis competencias impropias fan que os concellos non adoiten dispoñer dos recursos necesarios para realizar controis periódicos e manter unha correcta calidade da auga.

Os custos sanitarios derivados do tratamento destas enfermidades son significativos tanto para o sistema público como para as familias afectadas, sendo a prevención a mellor das estratexias a adoptar fronte á lexionela. Doutra banda, a existencia de brotes ou casos da febre do lexionario dana a imaxe da provincia e afecta negativamente ao sector turístico, nomeadamente o turismo termal, que é un dos motores económicos de Ourense. A percepción de inseguridade pode crear un clima de alarma susceptible de desalentar a visita de turistas e a utilización de instalacións públicas. A normativa estatal e autonómica en vigor establece obrigacións claras sobre a prevención e control da lexionela, pero a súa aplicación non sempre é homoxénea. Un problema con fondas implicacións para o desenvolvemento económico e social, que fai urxente a acción da Deputación, que ten competencias indirectas pero importantes na promoción da saúde pública, no apoio a concellos e na coordinación de políticas territoriais.

*Por todo o exposto o Grupo Provincial Socialista presenta as seguintes **PROPOSTAS DE ACORDO**:*

***PRIMEIRA.-** Elaborar un estudo de necesidades por parte dos técnicos da Deputación de Ourense para avaliar o custo da aplicación do Real Decreto 487/2022, de 21 de xuño, polo que se regulan os requisitos sanitarios para a prevención e control da lexionela no Estado español, nas instalacións municipais dos concellos de menos de 20.000 habitantes coa fin de crear un fondo económico específico e establecer liñas de axuda destinadas a facilitar a aplicación efectiva do R.D. polos concellos da provincia. Este fondo buscará apoiar a adaptación e modernización das instalacións hídricas municipais, garantindo o cumprimento das normativas e mellorando a seguridade sanitaria das infraestruturas.*

SEGUNDA.- Impulsar campañas informativas dirixidas á poboación en xeral e aos responsables de instalacións hídricas na provincia de Ourense, co obxectivo de aumentar a concienciación e sensibilización sobre os riscos asociados á lexionela e as medidas preventivas necesarias. Ademais, organizar cursos de formación específica para técnicos e persoal responsable das instalacións, facilitando os coñecementos e ferramentas precisas para unha correcta xestión e mantemento das mesmas, co fin de minimizar os riscos sanitarios asociados.

A continuación prodúcese as intervencións que se recollen no punto 11º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 11](#)

Non se producen máis intervencións someténdose a votación a moción e, por maioría de todos os presentes, o Pleno adopta o seguinte acordo:

PRIMEIRA.- Elaborar un estudo de necesidades por parte dos técnicos da Deputación de Ourense para avaliar o custo da aplicación do Real Decreto 487/2022, de 21 de xuño, polo que se regulan os requisitos sanitarios para a prevención e control da lexionela no Estado español, nas instalacións municipais dos concellos de menos de 20.000 habitantes coa fin de crear un fondo económico específico e establecer liñas de axuda destinadas a facilitar a aplicación efectiva do R.D. polos concellos da provincia. Este fondo buscará apoiar a adaptación e modernización das instalacións hídricas municipais, garantindo o cumprimento das normativas e mellorando a seguridade sanitaria das infraestruturas.

SEGUNDA.- Impulsar campañas informativas dirixidas á poboación en xeral e aos responsables de instalacións hídricas na provincia de Ourense, co obxectivo de aumentar a concienciación e sensibilización sobre os riscos asociados á lexionela e as medidas preventivas necesarias. Ademais, organizar cursos de formación específica para técnicos e persoal responsable das instalacións, facilitando os coñecementos e ferramentas precisas para unha correcta xestión e mantemento das mesmas, co fin de minimizar os riscos sanitarios asociados.

12.- MOCIÓN DO GRUPO SOCIALISTA PARA A ADOPCIÓN DUN PLAN INTEGRAL CONTRA A SILICOSE NA PROVINCIA DE OURENSE.-

D. Emilio Luis Díaz Vidal, do Grupo Socialista, expón o contido da seguinte moción:

A silicose é unha enfermidade profesional grave que afecta a traballos expostos ao po de sílice cristalina, nomeadamente na minería, cantería, industria transformativa de materiais de orixe mineral e construción. Un informe do ministerio de Sanidade conclúe a reemerxencia da silicose en España, rexistrándose en 2024 até 520 casos do total de 5.900

comunicados desde 2007. Uns datos que confirman o deterioro da situación sobre o que xa alertaba o Instituto Nacional de Silicose (INS) cando confirmou 224 novos casos de silicose en 2023, marcando unha cifra substancialmente superior á media dos últimos 15 anos. O incremento reflicte a persistencia do andazo e a urxencia de políticas para o seu control, sobre todo en sectores como a extracción de roca ornamental (granito e lousa), que son os principais responsables dos novos casos (36,2% do total).

Galicia segue a ser a comunidade autónoma española máis afectada pola silicose. Durante o período 2020-2023, en territorio galego concentráronse o 28,1% dos partes de declaración de enfermidades profesionais por silicose no Estado español, con 447 casos notificados segundo os datos recollidos no informe "La reemergencia de la silicosis en España". Galicia eríxese deste xeito como a comunidade máis afectada con diferenza, duplicando a incidencia de Andalucía (14,2% dos casos) e moi por riba de Valencia (12,4%), Castela e León (13,2%) e Euskadi (5,9%). Este alto impacto está vencellado á longa tradición da industria extractiva galega, contabilizando importantes taxas de actividade na explotación de granito e lousa, así como ás actividades de procesamento destes minerais.

No contexto galego é na provincia de Ourense onde a silicose ten unha meirande afectación peso da extracción e transformación de pedra natural, destacando aquí o sector da lousa. Emporiso a comarca de Valdeorras é a que máis padece o auxo da enfermidade. En 2023, o sector da lousa foi responsable de 56 novos casos de silicose, o que representa o 25,0% do total nacional. Isto pon de relevo a importancia deste sector na provincia nosa provincia, onde se extrae arredor do 70% da produción global española de lousa. Na distribución dos procesos asistenciais por tipo de diagnóstico, Ourense presenta unha carga case exclusiva de "diagnósticos secundarios", que significa que moitos casos de silicose están a ser ditaminados como complicacións doutros problemas de saúde, o cal pode subestimar o seu auténtico alcance.

O "Estudio epidemiológico médico-técnico de los trabajadores de pizarra en Galicia" elaborado polo INS revelan que a silicose asociada á extracción e procesamento de lousa ten unha longa traxectoria histórica en Ourense. O documento, que analiza a exposición ocupacional á sílice cristalina entre os traballadores da lousa na nosa provincia, destaca que: 1) a maior parte dos casos de silicose están relacionados con exposicións prolongadas no sector extractivo; 2) o tempo medio de latencia entre a exposición e o desenvolvemento da enfermidade oscila entre 12-15 anos; e que 3) a idade media dos pacientes nos procesos asistenciais por silicose en Ourense sitúase arredor dos 74,8 anos, denotando un desenvolvemento acumulativo da enfermidade ao longo do tempo.

A predominancia de diagnósticos secundarios en Ourense obstaculiza a detección ceda de novos casos e a visibilidade de riscos emerxentes derivados do procesamento da lousa. A sílice cristalina está clasificada pola Axencia Internacional para a Investigación do Cancro (IARC) como substancia canceríxena, engadindo un risco potencial á exposición adicional á silicose. A nosa provincia presenta un perfil único no contexto da silicose en España, requirindo de accións específicas para previr e atender a enfermidade. Entóxase imperativa a adopción dun plan integral que combine medidas preventivas, tratamento médico, sensibilización, apoio legal e desenvolvemento tecnolóxico, estando a Deputación de Ourense en situación de liderar o esforzo coordinado entre administracións públicas, empresas, sindicatos e organizacións sociais.

*Por todo o exposto o Grupo Provincial Socialista presenta as seguintes **PROPOSTAS DE ACORDO**:*

PRIMEIRA.- Instar ás autoridades sanitarias, empresariais e mutuas a avanzar cara a creación dun rexistro provincial de enfermidades profesionais, que inclúa datos específicos sobre os casos de silicose, a realización de estudos epidemiolóxicos para identificar sectores de risco e zonas prioritarias, así como facilitar exames médicos gratuítos e periódicos para traballadores expostos á sílice con vistas a mellorar a detección ceda do andazo e xerar datos precisos para deseñar políticas efectivas.

SEGUNDA.- En colaboración coas instancias acaídas, promover a adopción de protocolos de seguridade laboral para empresas en sectores de alto risco (minería, canteiras, construción), incentivar a instalación de sistemas de ventilación e aspiración en espazos de traballo con po de sílice e establecer auditorías laborais regulares para verificar o cumprimento da normativa de seguridade con vistas a reducir a exposición dos traballadores e previr novos casos de silicose.

TERCEIRA.- Instar á Consellería de Sanidade á creación dunha unidade especializada de enfermidades pulmonares ocupacionais no Hospital Comarcal de Valdeorras, dispor de especialistas no devandito centro médico e garantir a gratuidade de tratamentos médicos, que inclúan a rehabilitación respiratoria e asistencia psicolóxica para pacientes con silicose e facilitar o acceso a axudas económicas a persoas con silicose incapacitante para brindar unha atención integral e mellorar as condicións de vida dos afectados.

CUARTA.- En colaboración coas asociacións do sector, instar ás autoridades competentes á posta en marcha de campañas informativas dirixidas a empresarios, traballadores e sociedade en xeral sobre os riscos da exposición ao po de sílice, organizar obradoiros e

xornadas formativas e distribuír material didáctico sobre medidas de protección e dereitos laborais.

QUINTA.- Facilitar asesoramento xurídico gratuíto a traballadores afectados pola silicose para reclamar os seus dereitos, que poden incluír indemnizacións e compensacións, esixindo das empresas que contraten seguros específicos para cubrir enfermidades profesionais relacionadas coa sílice.

SEXTA.- Instar aos organismos autonómicos e empresariais a afondar na colaboración con universidades e centros de investigación para avanzar no coñecemento da silicose e promover solucións científicas e tecnolóxicas que minimicen o impacto da exposición á sílice.

SÉTIMA.- Instar aos organismos autonómicos e nacionais a manter, incrementar –se procede- e abrir liñas de axuda para a modernización de canteiras e obradoiros artesanais para incorporar equipos que reduzan a emisión de po, promovendo dinámicas laborais que dean prioridade ás saúde e sustentabilidade do sector para preservar a actividade económica e avanzar cara a protección dos traballadores.

A continuación prodúcese as intervencións que se recollen no punto 12º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 12](#)

Non se producen máis intervencións someténdose a votación, separadamente, cada punto da moción da seguinte maneira:

Primeiro punto: aprobado por maioría de todos os presentes.

Segundo punto: aprobado co voto a favor do Grupo Popular (12), do Grupo Socialista (7) e de Democracia Ourensana (2) e a abstención do BNG (3).

Terceiro punto: rexeitado co voto a favor do Grupo Socialista (7), do BNG (3) e de Democracia Ourensana (2) e o voto en contra do Grupo Popular (12). Posto que o resultado da votación é de empate, realízase unha segunda votación onde se produce o mesmo resultado, resolvéndose co voto de calidade da Presidencia.

Cuarto punto: aprobado por maioría de todos os presentes.

Quinto punto: rexeitado co voto a favor do Grupo Socialista (7) e de Democracia Ourensana (2) e o voto en contra do Grupo Popular (12) e do BNG (3).

Sexto punto: aprobado por maioría de todos os presentes.

Sétimo punto: aprobado por maioría de todos os presentes.

En consecuencia, o Pleno adopta o seguinte acordo:

PRIMEIRA.- Instar ás autoridades sanitarias, empresariais e mutuas a avanzar cara a creación dun rexistro provincial de enfermidades profesionais, que inclúa datos específicos

sobre os casos de silicose, a realización de estudos epidemiolóxicos para identificar sectores de risco e zonas prioritarias, así como facilitar exames médicos gratuítos e periódicos para traballadores expostos á sílice con vistas a mellorar a detección ceda do andazo e xerar datos precisos para deseñar políticas efectivas.

SEGUNDA.- En colaboración coas instancias acaídas, promover a adopción de protocolos de seguridade laboral para empresas en sectores de alto risco (minería, canteiras, construción), incentivar a instalación de sistemas de ventilación e aspiración en espazos de traballo con po de sílice e establecer auditorías laborais regulares para verificar o cumprimento da normativa de seguridade con vistas a reducir a exposición dos traballadores e previr novos casos de silicose.

TERCEIRA.- En colaboración coas asociacións do sector, instar ás autoridades competentes á posta en marcha de campañas informativas dirixidas a empresarios, traballadores e sociedade en xeral sobre os riscos da exposición ao po de sílice, organizar obradoiros e xornadas formativas e distribuír material didáctico sobre medidas de protección e dereitos laborais.

CUARTA.- Instar aos organismos autonómicos e empresariais a afondar na colaboración con universidades e centros de investigación para avanzar no coñecemento da silicose e promover solucións científicas e tecnolóxicas que minimicen o impacto da exposición á sílice.

QUINTA.- Instar aos organismos autonómicos e nacionais a manter, incrementar –se procede- e abrir liñas de axuda para a modernización de canteiras e obradoiros artesanais para incorporar equipos que reduzan a emisión de po, promovendo dinámicas laborais que dean prioridade á saúde e sustentabilidade do sector para preservar a actividade económica e avanzar cara a protección dos traballadores.

13.- MOCIÓN DO GRUPO POPULAR PARA A MELLORA DA ATENCIÓN E INTEGRACIÓN DO COLECTIVO INMIGRANTE NA PROVINCIA.-

A esta moción presentouse unha emenda de engádegas do BNG.

O Grupo Popular presentou a seguinte moción:

A realidade demográfica de Ourense —marcada polo envellecemento da poboación, a baixa natalidade e o despoboamento progresivo— require respostas valentes e transversais. A chegada de persoas migrantes constitúe, neste contexto, unha oportunidade para revitalizar o territorio, reforzar o tecido social e garantir a sustentabilidade dos servizos públicos e a actividade económica.

O conxunto da poboación inmigrante, que se instala nas nosas vilas e cidades con vontade de arraigo e integración, precisa contar con vías efectivas e humanitarias para a súa regularización administrativa, a súa inserción laboral e o recoñecemento das súas cualificacións profesionais e ter acceso a unha vivenda digna. Estes procesos son, na actualidade, excesivamente longos e complexos, o que obriga a moitas persoas a vivir nunha situación de incerteza que dificulta a súa plena incorporación á vida social e económica.

Moitos de estes colectivos comparten un forte vínculo emocional, histórico e cultural co noso país, derivado das décadas de emigración galega cara outros países. Moitas destas persoas son descendentes de galegos retornados, e o seu asentamento nas nosas comarcas está a contribuír de maneira directa a fixar poboación, revitalizar escolas, recuperar actividades económicas e reforzar servizos básicos como a sanidade ou o comercio local.

A nova normativa de estranxeiría introduce algúns avances, mais tamén implica riscos importantes: obriga a moitas persoas en situación de solicitude de protección internacional a renunciar a ese proceso para poder acceder a outras vías como o arraigamento, mesmo cando xa teñen un emprego e están en proceso de integración. Esta contradición normativa supón un retroceso nos dereitos das persoas migrantes e unha perda de capital humano esencial para o futuro do noso territorio.

O sistema de citas para as entrevistas de asilo e trámites administrativos está totalmente colapsado, xerando atrasos inxustificables que impiden ás persoas regularizar a súa situación. Esta carencia foi aproveitada por mafias que cobran por conseguir citas, o que vulnera os principios de igualdade, transparencia e acceso aos dereitos fundamentais.

Por todo isto, resulta urxente instar ás administracións competentes a adaptar o marco legal ás necesidades reais do territorio e das persoas que escollen Galicia como lugar para vivir, traballar e contribuír ao ben común.

En virtude de todo o exposto, o Grupo Provincial Popular propón ao pleno os seguintes

ACORDOS:

- 1. Instar ao Goberno de España a mellorar os procesos de acollida, regularización e inserción laboral do conxunto da poboación migrante, reducindo tempos de espera e garantindo un trato digno e eficiente.*
- 2. Instar ao Goberno de España a revisión do Regulamento de Estranxeiría para evitar que as persoas solicitantes de asilo teñan que renunciar á súa protección internacional ou ao seu emprego para optar a outras vías como o arraigamento.*

3. *Instar ao Goberno de España a acelerar a homologación de títulos académicos e cualificacións profesionais, especialmente no caso de migrantes con alta formación que non poden exercer a súa profesión en España.*

4. *Instar ao Goberno de España a garantir un sistema de xestión de citas transparente, accesible e eficaz, combatendo a actuación das mafias e evitando que as persoas migrantes queden atrapadas en situacións administrativas irregulares por falla de acceso aos procedementos.*

5. *Instar ao Goberno de España a modificar o programa de fomento da rexeneración e renovación de vivenda urbana e rural coa ampliación partidas específicas en concellos de menos de 5.000 habitantes sen límite de idade, destinada o aluguer.*

6. *Promover desde a Deputación de Ourense políticas activas de integración social, laboral e educativa para persoas migrantes, en coordinación cos concellos e co tecido asociativo, en colaboración coas entidades locais, impulsando campañas de visibilización e apoio institucional.*

Dona Patricia Torres Madureira, do Grupo Popular, cédelle a primeira queda de intervención ao presidente da Asociación Ourenzá-Venezolana Alma Llanera, **don Lorenzo González Rodríguez**.

A continuación prodúcese as intervencións que se recollen no punto 13º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 13](#)

Non se producen máis intervencións someténdose a votación, en primeiro lugar, a emenda de engádegas do BNG que é aprobada co voto a favor do Grupo Popular (12), do BNG (3) e de Democracia Ourensana (2) e o voto en contra do Grupo Socialista (7). A continuación sométese á votación a moción coa emenda do BNG, e co voto a favor do Grupo Popular (12), do BNG (3) e de Democracia Ourensana (2) e o voto en contra do Grupo Socialista (7), o Pleno adopta o seguinte acordo:

1. Instar ao Goberno de España a mellorar os procesos de acollida, regularización e inserción laboral do conxunto da poboación migrante, reducindo tempos de espera e garantindo un trato digno e eficiente.

2. Instar ao Goberno de España a revisión do Regulamento de Estranxeiría para evitar que as persoas solicitantes de asilo teñan que renunciar á súa protección internacional ou ao seu emprego para optar a outras vías como o arraigamento.

3. Instar ao Goberno de España a acelerar a homologación de títulos académicos e cualificacións profesionais, especialmente no caso de migrantes con alta formación que non poden exercer a súa profesión en España.

4. Instar ao Goberno de España a garantir un sistema de xestión de citas transparente, accesible e eficaz, combatendo a actuación das mafias e evitando que as persoas migrantes queden atrapadas en situacións administrativas irregulares por falla de acceso aos procedementos.
5. Instar ao Goberno do Estado a aumentar o persoal das oficinas de Estranxeiría de Galicia, para garantir o persoal necesario e suficiente, para ofrecer un servizo de calidade, en tempo e forma que non poña en risco a situación de centos de persoas.
6. Instar ao Goberno de España a modificar o programa de fomento da rexeneración e renovación de vivenda urbana e rural coa ampliación partidas específicas en concellos de menos de 5.000 habitantes sen límite de idade, destinada o aluguer.
7. Promover desde a Deputación de Ourense políticas activas de integración social, laboral e educativa para persoas migrantes, en coordinación cos concellos e co tecido asociativo, en colaboración coas entidades locais, impulsando campañas de visibilización e apoio institucional.

14.- MOCIÓN DO BNG SOBRE A EXPLOTACIÓN DOS RECURSOS NATURAIS E MINERAIS DE OURENSE.-

D. Bernardo Varela López, do BNG, expón o contido da seguinte moción:

No ano 2018, a empresa Recursos Minerais de Galicia S.A. solicitou un permiso de explotación derivado do dereito de investigación denominado "Alberta 1", que pretendía desenvolver unha mina a ceo aberto de 1.700 hectáreas entre Presqueiras (Forcarei) e Rubillón (Avión). Este proxecto afectaba directamente a varios concellos das provincias de Ourense e Pontevedra e foi rexeitado pola Confederación Hidrográfica do Miño-Sil por causar un impacto ambiental incompatible cos usos hídricos da zona.

En 2025, a mesma empresa presenta unha nova proposta, nesta ocasión para unha explotación subterránea localizada na parroquia de Doade, en Beariz, cunha superficie máis reducida de 13,62 hectáreas, mais cun impacto igualmente relevante. O novo proxecto está situado a 540 metros da Zona Especial de Conservación (ZEC) Serra do

Cando, pertencente á Rede Natura 2000, o que fai especialmente sensible calquera alteración ecolóxica na contorna.

O denominado "Estudio de Impacto Económico e Social" presentado pola empresa carece de rigor e fundamento: non cuantifica os empregos a crear, non distingue entre emprego directo e indirecto nin achega previsións salariais, condicións laborais ou mecanismos para

garantir a contratación de persoal da comarca. Fálase de impacto económico sen concretar nin unha soa cifra realista de investimentos locais ou ingresos para os concellos afectados. Trátase, polo tanto, dun documento propagandístico que non pode ser considerado serio nin suficiente como aval socioeconómico dun proxecto destas características. Ao contrario, todo apunta a que a creación de emprego sería residual, temporal e precario, sen ningún efecto estrutural nin transformador no tecido económico local.

A pesar das advertencias ambientais, este proxecto foi incluído pola Unión Europea na listaxe de proxectos estratéxicos de materias primas críticas, o que lle permite acceder a tramitación acelerada, financiamento comunitario e outras vantaxes administrativas, mesmo fronte á oposición social e institucional existente.

Tamén coñecemos estas últimas semanas a intención da empresa Iberdrola de levar adiante unha central de acumulación por bombeo entre os encoros do Bao e Cenza, entre Vilariño de Conso e Viana do Bolo.

Segundo informa a propia empresa, a creación de postos de traballo limítase ao tempo de realización das obras.

Por outra banda determinados proxectos de aproveitamento eólico volven activarse en moitos puntos da nosa xeografía.

*O nexo común que une todos estas iniciativas ven a ser o mesmo: Ourense é unha zona rica en recursos naturais e enerxéticos, **vamos ESPOLIALOS.***

Tanto da minaría, como dos recursos hídricos, solares ou do vento, as comunidades locais (e concellos e mesmo a Xunta de Galiza) apenas obteñen vantaxes económicas e sociais da implantación nos seus territorios destas iniciativas.

É máis, por norma, as empresas (a inmensa maioría foráneas) aproveitan espazos en risco de despoboamento e abandono para implantase.

O BNG defende un aproveitamento sostible dos nosos recursos, pero tamén queremos que estes proxectos, a maiores de contar con todas as garantías medioambientais, sexan xeradores de riqueza para as comunidades locais.

Pedimos que os proxectos non sexan dos denominados "de enclave"; é dicir, empresas foráneas que se limitan a extraer a nosa riqueza, sen xerar riqueza sostible no tempo, e que permita un impulso económico da provincia e do territorio galego, especialmente nas zonas máis abandonadas e envellecidas.

Como indicamos ao principio desta parte expositiva, o proxecto da mina de Doade prevé un uso intensivo de maquinaria pesada, grande consumo de auga a xeración de augas

residuais industriais, que serán vertidas ao rego Porto do Anta, afluente do río Avía e posteriormente do río Miño. Así como unha importante afectación sobre os hábitats e ecosistema de flora e fauna local. A comarca do Ribeiro, recoñecida pola súa riqueza vitivinícola, o seu valor paisaxístico e o seu potencial turístico, depende da calidade das augas fluviais. Calquera alteración nos ciclos hídricos ou contaminación pode ter consecuencias irreversibles para o abastecemento humano, a agricultura tradicional (viñedos), o patrimonio natural e a economía sostible da zona.

Pero non prevé a instalación na comarca de ningunha empresa de transformación do litio nin de fabricación de compoñentes ou baterías, que xere valor engadido e riqueza.

Por iso insistimos desde o BNG na necesidade de que estes proxectos:

- Respecten o medio ambiente e a biodiversidade.*
- Non comprometan os recursos hídricos nin destrúan hábitats naturais fráxiles.*
- Xeren un retorno real, xusto e duradeiro para a poboación local.*
- Non sirvan unicamente para o enriquecemento de empresas privadas a costa do espolio dos recursos colectivos.*

Por todo o exposto, o Grupo Provincial do BNG propón ao Pleno da Deputación de Ourense a adopción dos seguintes acordos.

ACORDOS

1. Esixir á Xunta de Galicia e ao Goberno do Estado que a declaración de proxectos estratéxicos como o de Doade ou de "xiga-baterías" como a do Cenza leven aparelladas a posta en marcha de iniciativas empresariais e de desenvolvemento rural nas comarcas afectadas, de xeito que reverta sobre as comunidades locais a explotación e posta en valor dos nosos recursos naturais (a agricultura ecolóxica, o enoturismo, a economía verde e a conservación do medio).

2. Instar á Xunta de Galicia a que promova unha estratexia de desenvolvemento mineiro sostible nas comarcas afectadas:

- a. Declaración das materias primas esenciais como bens estratéxicos sometidos ao control e aproveitamento público.*
- b. Modificación lexislativa para o establecemento transitorio dunha participación pública obrigatoria de cando menos o 20% nos proxectos de minerais*

3. Esixir as máximas garantías medioambientais tanto na fase construtiva como no posterior desenvolvemento da actividade de explotación. Estas garantías ambientais deben ser motivo de informes periódicos de situación e acompañados das correspondentes análíticas tanto de augas como de afectación á flora e fauna.

A continuación prodúcese as intervencións que se recollen no punto 14º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 14](#)

Non se producen máis intervencións someténdose a votación, separadamente, cada punto da moción da seguinte maneira:

Primeiro punto: aprobado por maioría de todos os presentes.

Segundo punto: aprobado co voto a favor do Grupo Socialista (7), do BNG (3) e de Democracia Ourensana (2) e a abstención do Grupo Popular (12).

Terceiro punto: aprobado por maioría de todos os presentes.

En consecuencia, o Pleno adopta o seguinte acordo:

1. Esixir á Xunta de Galicia e ao Goberno do Estado que a declaración de proxectos estratéxicos como o de Doade ou de "xiga-baterías" como a do Cenza leven aparelladas a posta en marcha de iniciativas empresariais e de desenvolvemento rural nas comarcas afectadas, de xeito que reverta sobre as comunidades locais a explotación e posta en valor dos nosos recursos naturais (a agricultura ecolóxica, o enoturismo, a economía verde e a conservación do medio).
2. Instar á Xunta de Galicia a que promova unha estratexia de desenvolvemento mineiro sostible nas comarcas afectadas:
 - a. Declaración das materias primas esenciais como bens estratéxicos sometidos ao control e aproveitamento público.
 - b. Modificación lexislativa para o establecemento transitorio dunha participación pública obrigatoria de cando menos o 20% nos proxectos de minerais.
3. Esixir as máximas garantías medioambientais tanto na fase construtiva como no posterior desenvolvemento da actividade de explotación. Estas garantías ambientais deben ser motivo de informes periódicos de situación e acompañados das correspondentes analíticas tanto de augas como de afectación á flora e fauna.

15º.- ASUNTOS DE URXENCIA.-

Non se presentan.

16º.- COMUNICACIÓNS DA PRESIDENCIA.-

- 1.- Para cumprir co establecido no artigo 62 do vixente Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (aprobado por Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, e publicado no BOE do 22 de decembro), dáselle conta ao Pleno da relación de decretos do mes de marzo de 2025.

Os membros da Corporación quedan informados.

17º.- ROGOS E PREGUNTAS.-

Nesta quenda prodúcese as intervencións que se recollen integramente no punto 17º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 17](#)

E, ás 15.20 horas dáse por finalizada a reunión, redactándose esta acta, que se asinará electronicamente. Dou fe.

DILIXENCIA:

De acordo coa normativa aplicable, artigo 109 do RD 2568/1986, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, artigo 4 f) do Regulamento orgánico da Deputación Provincial de Ourense (BOP núm. 107 de data 04.06.2024), e artigo 2 do Decreto 24/2018, sobre os libros de actas e de resolucións das entidades locais galegas, **a presente acta esténdese en documento electrónico e incorporando o arquivo audiovisual da sesión, mediante o sistema de vídeo acta.**

A acta consigna os seguintes extremos: lugar de reunión, data e hora de inicio e finalización da sesión, indicación do carácter ordinario ou extraordinario, persoas asistentes con expresión dos seus cargos, e os membros que se escusaron, orde do día, contido dos acordos alcanzados, no seu caso, así como a expresión do sentido do voto dos membros. Ademais do anterior, a acta incorpora o arquivo audiovisual da gravación da sesión, contendo a literalidade das intervencións, así como a sinatura electrónica da persoa que ostenta a Secretaría do pleno, que dota de fe pública e efectos de dereito ao documento, e da persoa que exerce a Presidencia.

Para os efectos do previsto no artigo 2.4 do Decreto 24/2018, sobre os libros de actas e de resolucións das entidades locais galegas, e artigo 4 f) do Regulamento orgánico da Deputación Provincial de Ourense (BOP núm. 107 de data 04.06.2024), **por medio deste escrito CERTIFICO a autenticidade e integridade do ficheiro da gravación contido na presente acta.**

PEGADA DIXITAL VÍDEO

`<iframe width="560" height="315"
src="https://videoacta.depourense.gal/vod/Plenos/2025/04/25/Sesion_Plenaria_25-04-2025/video_202504251000000000_FH.mp4" frameborder="0" allow="accelerometer;`

autoplay; encrypted-media; gyroscope; picture-in-picture" allowfullscreen></iframe>